

# FALADO NA ÚLTIMA REUNIÓN COA XERENCIA

Presentación de proposta de RPT de maneira urxente. **(A nova RPT só contemplará as prazas de fóra do catálogo, a Transitoria II e, se pode, incluirá unha praza máis)**

## TRANSITORIA SEGUNDA - RPT.

- A Quen afecta?: 100% GRUPOS 4a/4b
- Cando?: Convocatoria del curso e proba antes de novembro 2011. En ningún caso nin o curso nin a proba coincidirán cos temas dos que xa foron examinados os afectados/as.
- Cómo?: Procedemento: Curso para cada categoría e proba por categoría, baseada nos citados cursos. Establecemento de, polo menos, 3 convocatorias. **(Só afectará a conserxerías e telefonistas terá que ser en 3 prazos. Negociará temarios e execución)**

## ECONÓMICAS

- Recuperación da capacidade adquisitiva perdida nos anos 2010 y 2011.
- Implantación do complemento de produtividade similar en contía e forma ao que actualmente ten o colectivo funcionario **(Non pode haber negociación, o goberno establece a conxelación para este ano e a redución do 5% para o ano pasado, está limitada pola normativa)**

## PROMOCIÓN E TRASLADOS HORIZONTAIS.

Previa acreditación dunha competencia válida, facilitarase a mobilidade horizontal entre categorías do mesmo grupo. Dita acreditación conseguirase pola realización dun curso con superación de proba, coa superación dun proceso selectivo sen haber obtido praza ou cunha acreditación da mesma categoría obtida noutra administración pública. **(Ve un problema de legalidade porque entende que sempre hai que aprobar o proceso selectivo. Neste aspecto ten vontade de acordo, sempre que se plasme algo legalmente asumible)**

### - PROMOCIÓN HORIZONTAL:

Adaptación ao novo sistema de clasificación profesional do E.Público establecida no EBEP, facilitando a promoción horizontal segundo o mesmo estatuto. Reorganización da RPT en función destes criterios. **(Non o entende, nin entende a duplicidade de postos, parécelle que non se axusta á legalidade)**

## FUNCIONARIZACIÓN

Unha vez estruturada a RPT, adaptándose ao EBEP, negociación dun proceso de funcionarización que terminará antes de novembro de 2012. **(Sempre que non haxa promoción na funcionarización, que o resultado sexa quedarse como se está economicamente falando, sería posible. Non está disposta a estar negociando, a tres bandas, un ano)**

Negro: Comité

Azul: Xerencia